

# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS AUDICIÓN E LINGUAXE

**CEIP PLURILINGÜE  
A. RODRÍGUEZ CADARSO  
CURSO 2021-2022**

Natalia Maroñas Núñez  
Mestra especialista en Audición e Linguaxe.

**ÍNDICE:**

<b>1.- INTRODUCCIÓN.-</b>	<b>pax.3</b>
<b>2.- OBXECTIVOS.-</b>	<b>pax.4</b>
<b>3.- ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.-</b>	
<b>pax.6</b>	
<b>4.- CONTIDOS.-</b>	<b>pax.7</b>
<b>5.- TEMPORALIZACIÓN.-</b>	<b>pax.8</b>
<b>6.- ESPACIALIZACIÓN.-</b>	<b>pax.8</b>
<b>7.- ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS.-</b>	<b>pax.9</b>
<b>8.- ACTIVIDADES.-</b>	<b>pax.10</b>
<b>9.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-</b>	<b>pax.12</b>
<b>10.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE A.L.</b>	<b>pax.14</b>
<b>11 .- RECURSOS.-</b>	<b>pax.18</b>
<b>12 .-CONCLUSIÓN.-</b>	<b>pax.19</b>
<b>13 .-PROPOSTAS DE MELLORA.-</b>	<b>pax.19</b>

## **1.- INTRODUCCIÓN.-**

É necesario facer unha **Programación de Actividades e Tarefas (PAT)** e polo tanto unha **Programación de Aula de Audición e Linguaxe** que reflicta os parámetros a seguir cos nenos e coas nenas do CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso lonxe de improvisacións e atendendo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE) do centro.

Como mestra especialista en Audición e Linguaxe é necesario adaptarse a cada neno ou nena, en función desa necesidade específica de apoio educativo (NEAE) á que se vai dar resposta.

Este traballo, está programado en canto a: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación, competencias básicas, temporalización, espacialización, recursos -humanos, materiais e organizativos-, actividades tipo e características do alumnado. Esta **Programación de Actividades e Tarefas (PAT) de Audición e Linguaxe (AL)** está centrada no alumnado do CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso de xeito que se adapte exactamente ós nenos e ás nenas que van recibir intervencións educativas por parte da mestra especialista en Audición e Linguaxe. Atendendo a todo o alumnado que necesite tal apoio ou que o poida precisar ó longo deste curso académico 2020-2021 de todas as etapas educativas que se ofertan no CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso: Educación Infantil (EI) e Educación Primaria (EP).

Destacar que o traballo se desenvolverá sempre en estreita colaboración coa xefa do Departamento de Orientación, co mestre de Pedagogía Terapéutica (PT), coas titoras e titores, co resto do profesorado e co Persoal Técnico Educativo que está presente no centro.

## **2.- OBXECTIVOS.-**

Como obxectivos básicos e accións prioritarias, establécense os seguintes, para todo o curso académico:

- Adaptar os obxectivos, os contidos, a metodoloxía, os recursos humanos, os materiais e os criterios de avaliación ao ritmo e estilo de aprendizaxe de cada neno ou nena.
- Favorecer o pleno desenvolvemento social e persoal e a completa integración social do alumno/-a.
- Atención e orientación a nais e a pais, co fin de reforzar as aprendizaxes a todos os niveis, con programas completos de traballo continuado, que beneficien o proceso de ensinanza-aprendizaxe do neno/-a.
- Atención e orientación a titores, e a todo o profesorado do centro, así como ó persoal non docente, que participan en todo o proceso educativo do neno/-a, co fin de que melloren e enriquezan o traballo diario.
- Fomentar o traballo coordinado e cooperativo cos mestres e mestras implicados na educación do neno ou nena.
- Elaboración de recursos materiais tanto para a aula de AL, como para os mestres e as mestras que soliciten tal axuda.
- Elaboración de pautas, tanto para pais e nais, como para o profesorado e persoal non docente que participan con estes nenos e nenas.
- Velar polos ambientes agradables, garantindo unha aprendizaxe significativa e gratificante para o neno ou nena.
- Corrixir ou mellorar no posible, a competencia en comunicación lingüística dos nenos e nenas que se atopen ou poidan atoparse con dificultades neste ámbito.

- Atención personalizada e individualizada a cada alumno/a en función da necesidade específica de apoio educativo (NEAE) á que se vai dar resposta.
- Apoiar na aula ordinaria ó alumnado con NEAE, co fin de favorecer a integración e a normalización.

### **3.- ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.-**

As competencias clave implican a todo o profesorado e a todas as materias, considerándoas como algo fundamental na educación do alumnado xa que forman parte integrante do currículo. É por iso que se vai atender, de cheo, ás competencias clave co alumnado de Audición e Linguaxe (AL) fomentando cada unha delas, integrándoas nos contidos e nos obxectivos e plasmándose nas actividades que se van desenvolver, de xeito que todo o alumnado as adquira, pero primando sempre o criterio sanitario fronte ao pedagóxico debido á situación sanitaria que estamos atravesando neste momento.

Como xa se vén dicindo, son moi importantes para todo o alumnado, especialmente para aquel que recibe atención individualizada por parte da mestra de AL por presentar algún tipo de necesidade específica de apoio educativo (NEAE), polo tanto teñen o deber de coñecer as competencias clave, para que estean máis preparados á hora de desenvolverse na súa vida escolar e sociofamiliar e buscando o fomento dun crecemento futuro pleno.

En canto ás actividades tipo que se van facer para esta adquisición van estar:

- Uso da biblioteca escolar de centro e das bibliotecas de aulas.
- Uso dos ordenadores: para xogos, exercicios, escoitas, etc.
- Participación nos festivais que se celebren no centro (Nadal, Entroido, Letras Galegas, etc.) e nas diversas actividades que se organicen dende os diferentes equipos (Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Actividades Extraescolares e Complementarias, etc.)
- Cumprir as normas e regras do centro: na aula, nos espazos de lecer, etc.
- Facer o uso dos espazos da escola: pavillón, aula de música, aula de informática, biblioteca, patios, etc.

#### **4.- CONTIDOS.-**

Os contidos xerais que se traballarán de cheo ao longo deste curso escolar son os seguintes:

- Desenvolvemento persoal e social.
- Inclusión e normalización do alumnado con NEAE.
- Posibilidades do alumno ou alumna.
- Transición á vida adulta.
- Inclusión dos pais no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Inclusión de todo o profesorado e do persoal non docente.
- Aproveitamento dos recursos externos ao centro: Institucións, asociacións, médicos, psicólogos, ... que amparen e favorezan o traballo.
- Adquisición de todo tipo de coñecementos: lingüísticos, comunicativos, sociais, cognitivos, emocionais, ...

Nestes contidos vanse integrar as competencias claves -xa citadas- e tamén as competencias transversais, como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar, e actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo, a constancia e a aceptación do cambio , tal e como sinala a LOMCE.

### **5.- TEMPORALIZACIÓN.-**

A temporalización xeral que se establece para a Programación de Actividades e Tarefas (PAT) de Audición e Linguaxe (AL) é para todo o curso escolar.

As sesións de cada neno ou nena estableceranse en función da resposta que se lle proporcionará; estas terán unha duración aproximada de 25/30 minutos, salvo casos específicos nos que a tipoloxía e a persistencia da NEAE faga que se precise máis tempo de intervención, prolongando as sesións a uns 50/55 minutos. Trala avaliación inicial, individualizada realizada a cada alumno estableceranse as sesións de AL que precisen e organizarase o horario en colaboración co Departamento de Orientación, as titoras e titores, e todo o profesorado implicado.

Esta temporalización vai ser continuamente revisada, de xeito que se adapte exactamente a ese caso concreto ó que se vai dar resposta. Podendo ampliála, reduci-la e incluso suprimi-la, en función dese caso concreto.

### **6.- ESPACIALIZACIÓN.-**

A espacialización vaise levar a cabo fundamentalmente nas aulas ordinarias do curso no que estea escolarizado a alumna ou alumno, e na aula de AL cando a necesidade así o requira. Tamén se usarán as zonas comúns do centro: biblioteca de centro, pavillón, aula de música, patios exteriores, aula de informática, etc cando as actividades que se vaian a levar a cabo así o requiran.



## **7.- ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS.-**

Partindo da base de que cada neno/-a é único e diferente, teremos que buscar a estratexia metodolóxica máis axeitada a cada caso e a cada momento concreto. Aínda así, partiremos dunha metodoloxía xeral para todo o alumnado con NEAE.:

- Manter unha comunicación satisfactoria: despertando o interese por ter algo que comunicar e a quen comunicar
- Estimular a percepción auditiva e tamén o tacto, a vista, o olfacto e o gusto.
- Falarlles con claridade, a modo (ritmo), sen berrar (ton) e articulando ben, evitando o uso de muletillas, sarcasmos, ironías, etc..
- Pasar progresivamente do fácil ó difícil, do concreto ó abstracto repetindo moitas veces o fácil e o concreto sen caer no aburrimiento e nas rutinas.
- Rematar as sesións cunha tarefa sinxela que recompense o benestar propio do neno/-a.
- O xogo, a espontaneidade, levarán ás palabras: a conversar.
- Coidar moito que se sexa sorrintes, afectivos, cariñosos e tranquilos co neno/-a. Dando un ambiente de confianza nun espazo de traballo agradable.
- escoitar música de fondo, creando ambiente, música clásica preferiblemente, aínda que se insiran outros xéneros.
- Fomentar o traballo individualizado, combinado co traballo en grupo.

## **8.- ACTIVIDADES.-**

As actividades tipo que se van levar a cabo para o desenvolvemento desta Programación de Actividades e Tarefas de Audición e Linguaxe, van ser do seguinte tipo:

- Lecturas de contos significativos para o alumnado.
- Debuxos libres que leven a conversar.
- Usar contos, debuxos, fotos, láminas, revistas, prensa, libros, fotos, postais, recursos da Internet, etc, altamente motivadoras que leven a falar, a escribir, a debuxar, etc.
- Fichas, debidamente elaboradas ou seleccionadas, e adaptadas a ese caso concreto.
- Xogos de distintos tipos: palabras encadeadas, a oca, o parchís, o tres en raia, sopas de letras, os oito erros, etc.
- Puzzles de distintos tipos: de animais, de series, de cores, etc
- Títeres, monicreques, ... dramatización de situacións funcionais e sinxelas. Xogo simbólico.
- Exercicios de lectoescritura, creación de murais para a aula, elaboración de contos, ...
- Exercicios de atención. Seguir puntos, recortar, pegar, seguir instrucións orais e escritas, etc
- Exercicios de memoria: recordar nomes, palabras ou situacións. Ven sexa con apoio visual ou sen el.
- Cantar , bailar, acertar adiviñas, trabalinguas, etc.
- Participar en tódalas actividades do centro: EDL, Biblioteca, festivais,..

## **9.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-**

Os criterios de avaliación establécense en función da lexislación vixente: a Orde de Avaliación Psicopedagóxica do 31/10 /96 (que nos proporcionará a persoa responsable do Departamento de Orientación), e as ordes de avaliación da Comunidade Autónoma de Galicia, do 9 de xuño de 2016 da Educación Primaria (EP) e a do 25 de xuño de 2009 para a Educación Infantil (EI).

A avaliación será **continua, global, formativa e integradora**. Farase polo tanto unha avaliación específica co neno /-a a educar. Que se estrutura do seguinte xeito:

**.Avaliación inicial**, diferenciando dous bloques:

- Sobre o Alumno/-a:

. Aspectos do seu desenvolvemento: biolóxicos, intelectuais, desenvolvemento psicomotor, aspectos emocionais, habilidades sociais, aspectos comunicativo-lingüísticos, ...

. Competencia curricular: o que o alumno/-a sabe facer, en canto a uns criterios de avaliación, a uns obxectivos, e con que tipo de axuda.

. Estilo de aprendizaxe e motivación por aprender: preferencias, estilos, como responde, en que situación está máis cómodo, motivación, ...

-Sobre o Contexto:

. Contexto escolar, avaliaremos:

- A aula: a organización, os espazos, os recursos, os compañeiros e as compañeiras, ...

- O centro grao de consecución da concreción curricular e da práctica docente cos alumnos con NEAE.

. Contexto sociofamiliar. Dado que a familia é moi importante, faranse entrevistas con eles para ver como afrontan o problema, o grao de colaboración, os hábitos e as

rutinas, ... O contexto social no que se está inmerso tamén afecta: recursos da zona, entorno social,...

**.Avaliación específica do trastorno**, que se vai intervir, é dicir se se está avaliando unha dislalia, vaise comprobar sopro, respiración, órganos articulatorios, articulación, linguaxe, etc. Se se está avaliando unha Síndrome de Down, será primordial avaliar: atención, imitación, seguimento de instrucións orais, comprensión e linguaxe oral. Desta maneira, o proceso de intervención que se estableza vai estar exactamente adaptado a ese neno ou nena.

**.Avaliación sumativa e formativa** que se levará a cabo dende o principio ata o remate da intervención, para ver logros, atrancos, de calquera cousa e movemento, co fin de mellorar e aprender do traballo diario para futuras intervencións, reflexionando sobre a propia actividade.

Considérase a avaliación un proceso tremendamente importante, no só do neno ou nena, senón tamén da intervención da mestra de Audición e Linguaxe (AL), do resto do profesorado, do persoal non docente, do centro e do contexto social e familiar. A avaliación vai permitir saber se se conseguen acadar os obxectivos, os contidos, as competencias clave e as competencias transversais propostos. Por outra banda esta avaliación vai permitir partir sempre das posibilidades do neno ou nena e nunca das súas dificultades, adaptándose de cheo a ese alumno en particular. Se este proceso da avaliación non se fai considérase que a intervención non vale para nada.

## **10.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE AUDICIÓN E LINGUAXE (AL).-**

As características do alumnado máis sobresaíntes é que proveñen dun medio rural, a maioría dos nenos e das nenas acoden ao centro no autobús ou acompañados polos seus familiares.

Posto que no CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso se escolariza a alumnado de dúas etapas educativas diferentes (EI e EP) darase prioridade a aqueles casos máis severos, atendendo sempre ás peticións do Departamento de Orientación (DO) e do resto do profesorado. Sen esquecer o establecido no Plan Xeral de Atención á diversidade.

No curso pasado atendéronse en Audición e Linguaxe (AL) aproximadamente entre 25 e 30 nenos e nenas.

Convén destacar que había 2 nenos con necesidades educativas especiais (NEE) de carácter severo: un alumno con Trastorno do Espectro Autista en 6º EI, e outro con Retraso do Desenvolvemento Motor en 5º EI ; ademais, en primaria hai algún neno que non promocionou e que ten dificultades na linguaxe, e outros con alteracións na fala e/ou dificultades de aprendizaxe. A maiores na Educación Infantil (EI) están presentes varios nenos con graves alteracións da linguaxe, algúns foron atendidos o curso pasado, pero hai outros que nunca foron atendidos nin valorados.

Hai que ter en conta que hai moitas solicitudes por parte das titoras e titores para valorar alumnado que presentan alteracións na fala e tamén que hai alumnado novo no CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso, os nenos e nenas de 3 anos dos que hai que estar pendentes por se manifestan algunha irregularidade na fala e, por outro lado, dous alumnos de nova incorporación ao centro que, nun principio, non recibirían atención específica por parte da mestra de AL.

➤ Criterios de intervención da especialista de Audición e Linguaxe (AL)

O alumnado que asista durante este curso á aula de AL será aquel que derive a xefa do departamento de orientación, trala solicitude do titor/a e a súa avaliación. Deste xeito contase con:

- un alumno de 5º curso de EP
- un alumno de 3º curso de EP
- 5 alumnos de 2º curso de EP
- 5 alumnos de 1º curso de EP
- 7 alumnos de 6º curso de EI
- 2 alumnos de 5º curso de EI

As sesións de Audición e Linguaxe (AL) estableceranse seguindo os criterios do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que de xeito moi resumido é como segue:

- 1º. Alumnado obxecto dunha adaptación curricular individual (ACS).
- 2º. Alumnado con NEE.
- 3º. Alumnado con trastornos específicos da linguaxe: retraso da linguaxe, dislexia, disortografía...
- 4º Alumnado con dislalias múltiples.
- 5º Alumnado con dislalias simples.

Moitas destas sesións dadas as características e necesidades do alumnado serán individuais ou en pequeno grupo.

- Criterios para a elaboración do horario das sesións de Audición e Linguaxe (AL):
  - ✗ Para as sesións do alumnado de EP que acude a PT procurárase evitar continuas

interrupcións na súa aula e distanciar as sesións de PT e AL.

- ✗ No caso das medias sesións procuraranse que sexan antes e despois das entradas e saídas para evitar os problemas derivados do desprazamento e as interrupcións.
- ✗ Para as sesións do alumnado de EI farase en colaboración coas titoras, a coidadora e o mestre de PT.

Estas sesións na maioría dos casos, dadas as características e necesidades do alumnado, serán individuais adaptadas exactamente ás necesidades ás que se van dar resposta.

Hai que ter en conta que pola experiencia dos cursos pasados o horario de Audición e Linguaxe vai cambiando segundo as necesidades do alumnado: nenos que son dados de alta, nenos que entran novos, etc. Sen embargo, pódense establecer como aseguradas as seguintes sesións:

- Unha sesión completa individual para o alumno de 5º
- 2 sesións completas individuais para o alumno de 3º
- 2 medias sesións en grupo para dous alumnos de 2º.
- 1 media sesión en grupo para dous alumnos de 2º.
- 1 sesión completa en grupo para 3 alumnos de 2º.
- 1 sesión completa individual para un alumno de 2º.
- 3 sesións completas individuais para un alumno de 1º.
- 2 medias sesións en grupo para dous alumnos de 1º.
- 2 medias sesións en grupo para dous alumnos de 1º.
- 2 medias sesións individuais para un alumno de 6º de EI.
- 2 medias sesións en grupo para dous alumnos de 6º de EI.
- 1 media sesión individual para un alumno de 6º de EI.

- 2 medias sesións en grupo para 3 alumnas de 6º de EI.
- 2 medias sesións en grupo para dous alumnos de 6º de EI.
- 4 sesións completas individuais para un alumno de 5º de EI.



## **11.- RECURSOS.-**

Cóntase cuns recursos humanos, materiais e organizativos.

En canto ós recursos humanos é todo o profesorado do centro, o persoal non docente, os recursos externos ó centro, psicólogos, médicos, equipos de orientación específicos, ...

Os recursos materiais son todos aqueles que hai na aula de AL: libros, puzzles, xogos varios, lapis, papel, tesoiras, etc. E tamén todos aqueles se poidan elaborar ou seleccionar para as actividades propostas: fichas, cantigas, murais, cds, etc. En canto ós recursos materiais compraranse na medida das posibilidades algúns, e faranse para a aula material moi manexable (en cartolinas, con velcro e plastificado) para o uso diario.

Tamén se incluírán recursos TICs tales como páxinas web, bitácoras, cds, etc..

Todo o material mencionado adaptarase ás características individuais do alumnado con NEAE ao que se lle proporcionará unha resposta educativa axeitada ás súas necesidades.

Os recursos organizativos cos que se conta parten do Departamento de Orientación (DO), dos equipos de ciclo e do equipo directivo do centro.

A existencia e organización de todos os recursos mencionados ata o momento vai a ser fundamental para realizar a intervención co alumnado con NEAE.

## **12 .-CONCLUSIÓN.-**

O traballo organizado da Programación de Actividades e Tarefas, en canto a: o centro, o contexto, o equipo humano, os recursos (materiais, humanos e organizativos), a metodoloxía, a temporalización e a avaliación van levar a que dita programación sexa real e efectiva. E que non se relegue a un mero documento, que se teña esquecido ata o día da memoria final. Será polo tanto un modelo pauta de actuación da mestra de AL, revisado continuamente , avaliando a súa existencia e tendo moi en conta a realidade que abrangue.

Lonxe de improvisacións e de actuacións unilaterais búscase o traballo coordinado e cooperativo de todas as partes implicadas, no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE). Un abano amplo, tremendamente amplo, que de certo, atopará o seu espazo vital e a súa realidade palpable no CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso.

## **13 .-PROPOSTAS DE MELLORA.-**

Espazo reservado para as propostas de mellora que se poidan facer a esta Programación Anual de Audición e Linguaxe (AL):

**1-**

**2-**

**3-**

Asdo \_\_\_\_\_

Natalia Maroñas Núñez

Mestra especialista en Audición e Linguaxe.